

A CRÍTICA Á CONCEPCIÓN DO SER HUMANO

A filosofía occidental, ata Nietzsche, entendera o ser humano como un animal racional, tal e como o definira Aristóteles. A racionalidade fora considerada a característica máis significativa do ser humano. Á razón opoñíanse os instintos e paixóns, que debían ser controlados para unha mellor realización do modelo ideal de ser humano. Así pensaron, con diferentes matices, Platón, Aristóteles, os estoicos, Descartes e Kant entre outros. Nietzsche, en cambio, influído por Schopenhauer, considera que a razón humana está ao servizo dos instintos e que esa pretendida racionalidade non é tal. Máis ben o que nos goberna é o instinto, a **vontade de poder**: o desexo de afirmarse e impoñerse. A única «lei» da nosa conduta é, para Nietzsche, o **«instinto vital»** e a satisfacción de todas as nosas pulsións, á finalidade da cal está subordinada a razón.

PROPOSTA: A IDEA DO «SUPERHOME»

O ser humano é unha manifestación da vida e da vontade de poder. O seu ideal ha de ser chegar ao **«superhome»**. O «superhome» é aquela situación do home na que este se libera das vellas crenzas e a única lei é a súa propia vontade. É o ser humano postcristián, que non cre en nada que estea por riba del, que non obedece a ningunha moral, nin se atopa subordinado tampouco a ningún Estado. É, en definitiva, o home non gregario, libre e individualista, que se atreve a vivir a súa propia vida conforme aos seus desexos, que inventa os seus propios valores e que é dono de si mesmo.

Tal estado do ser humano é espiritual e non racial. O superhome non segue a **«moral dos escravos»** —que é a moral tradicional—, senón a súa propia moral ou **«moral dos señores»**, porque prefere os valores da vida e non os valores que matan a vida. Non cre no máis alá, en Deus, pois tal crenza non é máis que a crenza na nada, na morte, típica da metafísica occidental (**Nihilismo pasivo**). O superhome debe crer máis ben no **«eterno retorno»**, nesta vida, no *inmanente* fronte ao *transcendente*. E facer, sobre esta crenza, unha nova valoración da vida, que ha de vivirse intensamente, pois é a única vida que viviremos unha e outra vez.

O camiño cara ao suprahome pasa, segundo Nietzsche, por tres estadios:

— O do **«camelo»**: que é a situación do home occidental subordinado á vella moral obediente aos seus mandatos, soportando a carga sen rebelarse.

— O do **«león»**: que é a situación do home canso de soportar a carga da vella moral, que se rebela contra o seu amo e comeza a impoñer a súa propia vontade.

— O do **«nenó»**: que é a situación do home liberado de todas as cargas, creador dos seus propios valores e que só busca a afirmación de si mesmo. A partir deste momento é cando comeza o suprahome, e unha nova humanidade libre e creadora,

caracterizada pola súa ansia de vivir, que non está sometida a ningunha moral, por riba do ben e do mal, que vive a fidelidade á terra, que xa non cre en Deus e que busca a satisfacción de todos os seus instintos.

O problema da moral: «a moral dos señores» fronte á «moral dos escravos»

A CRÍTICA Á MORAL PLATÓNICO-CRISTIÁ

O principal erro da moral occidental é, para Nietzsche, a súa antinaturalidade, ir contra a vida. A moral occidental fundaméntase no platonismo e no cristianismo. A súa división da realidade en dous mundos implica unha minusvaloración da vida deste mundo. A moral platónico-cristiá propuxo sempre o dominio do corpo e as paixóns, e a restrición de todos os instintos vitais. Esta moral «contranatural» establece decálogos, normas, que van contra os instintos vitais, e promete un premio nun mundo espiritual que non existe; é a promesa dunha nada. É, por iso, unha moral nihilista. É unha moral na que triunfaron os valores do deus Apolo e foron derrotados os valores do deus Dioniso: a moderación fronte á desmesura, a vida sometida a normas fronte á vida libre, a represión dos instintos fronte ao frenesí das pulsións vitais.

PROPOSTA: «A MORAL DOS SEÑORES»

Nietzsche distingue dous tipos de moral:

— A **«moral dos escravos»**: é a moral dos débiles que, non podendo realizar os valores da vida, elevan á categoría de «bos» valores como a resignación, a obediencia, o control dos instintos, o sufrimento, a paciencia, a compaixón, a enfermidade, etc. Esta moral nace co xudaísmo e é reafirmada polo cristianismo, que é unha relixión de escravos e débiles, que ao non atopar consolo nesta vida esperan doutra vida. Maniféstase así un resentimento fronte ao que si goza da vida, ao que se lle augura un castigo no máis alá. Esta moral considera «malos» todos os valores polos que se guía o home vitalista, como o goce da vida, a saúde, a realización dos instintos, a liberdade, a impaciencia, o egoísmo, etc.

— A **«moral dos señores»**: é a moral dos fortes, que poden realizar os valores da vida e non se someten a ningunha vontade que non sexa a súa propia (**Nihilismo activo**). É a moral dos espíritos elevados que aman a vida, o poder, a grandeza, o pracer, e na que a razón está dirixida polos instintos. Esta era a moral pagá (dionisiaca) que imperaba na Grecia presocrática antes da irrupción do platonismo, e esta é a moral á que ha de volver o superhome, realizando unha nova **transmutación dos valores** de modo que o que era bo —e foi convertido en malo— volva ser bo.

A moral dos señores

- É a moral do forte

- Afirmar os valores vitais
- É unha moral natural
- A propia vontade é a única lei
- Busca o pracer
- A razón ha de subordinarse aos instintos
- É a moral pagá do suprahomme

A moral dos escravos

- É a moral do débil
- Vai contra a vida
- É unha moral antinatural
- A vontade ha de someterse a normas
- Busca o dominio do pracer
- A razón ha de subordinarse aos instintos
- É a moral platónico-cristiá do home occidental

Para Nietzsche, debe producirse unha nova transmutación dos valores que devolva o predominio á moral dos señores, e na que volvan de novo a considerarse «bos» os valores desta moral fronte aos valores da moral dos escravos. Os débiles impuxeron a súa moral en Occidente. A proba diso son o cristianismo e o socialismo. Coa «**morte de Deus**» e dos novos deuses como o Estado (que é o deus do socialismo), debe volver a prevalecer a moral dos fortes, que é a moral da vida.